

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 25 DE ABRIL DE 2011

Sres. Asistentes :

ALCALDE-PRESIDENTE

DONA M^a DOLORES GARCÍA GIMÉNEZ

CONCELLEIROS

D. MANUEL RODRÍGUEZ CUERVO

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. JOSÉ RAFAEL MEMBRIVES ROJAS

D. ÁLVARO CAROU GARCÍA

D. TOMÁS JAVIER FOLE DÍAZ

DONA M^a TERESA REY BARREIRO MEIRO

DONA ROCIO ANA LLOVO DEL RÍO

D. JAIME RAMOS LORENZO

D. MANUEL ANGEL TARRÍO FERNÁNDEZ

D. XOSÉ CASTRO RATÓN

DONA ANA ISABEL LORENZO FRAGA

D. RAMÓN BUENO PIÑEIRO

D. JOSÉ LUIS RIVERA MALLO

SECRETARIA

DONA M^a ROSARIO GONZÁLEZ PACIOS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as nove horas do día 25 de abril de 2011, baixo a Presidencia de DONA M^a DOLORES GARCÍA GIMÉNEZ, e coa asistencia da Secretaria Acctal., reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Extraordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día do seguinte xeito:

1.- Celebración de sorteo para designación de Presidentes e Vocais das Mesas Electorais que se constituirán o día 22 de maio de 2011 con motivo das Eleccións Locais.

2.- Aprobación dos modelos de declaración a presentar polos Concelleiros sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como o modelo de declaración de bens patrimoniais.

1.- CELEBRACIÓN DE SORTEO PARA DESIGNACIÓN DE PRESIDENTES E VOCAIS DAS MESAS ELECTORAIS QUE SE CONSTITUIRÁN O DÍA 22 DE MAIO DE 2011 CON MOTIVO DAS ELECCIÓNS LOCAIS.- Dáse conta da Proposta da Alcaldía, seguinte:

“O próximo día 22 de maio de 2011 celébranse as Eleccións Locais 2011, polo que se fai preciso realizar un sorteo público para a designación dos membros de Mesas Electorais.

A tal fin o artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, 5/1985, de 19 de xuño, modificada pola Lei Orgánica 2/2011, de 28 de xaneiro, establece o seguinte:

O/A Presidente/a e os vocais de cada mesa son designados polos concellos a través dun sorteo público entre a totalidade das persoas censadas na sección correspondente, que saiban ler e escribir e sexan menores de setenta anos, se ben a partir dos setenta e cinco anos poderán manifestar a súa renuncia no prazo de sete días.

O/A Presidente/a deberá ter o título de Bacharelato ou de Formación Profesional de segundo grao, ou subsidiariamente o de Graduado Escolar ou equivalente.

Da mesma forma procédese ó nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da Mesa.

Por iso, esta Alcaldía ven en propoñer ó Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Que a través do programa informático adquirido á empresa WURT S.L., e denominado WINTASK ELECCIÓN, se leve a cabo polos funcionarios municipais encargados de tal labor, o devandito sorteo para a designación do presidente, vocais e suplentes de cada mesa electoral, para o que se procederá a realizar un exemplo e unha demostración do devandito sorteo ante os membros da Corporación Municipal.

Sometido a votación pola Sra. Alcaldesa da o seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos/as Sres/as. Concelleiros/as presentes (14 de 21 que conforman o pleno)

ACÓRDASE: Aprobar a Proposta da Alcaldía, tal e como se describe nos antecedentes deste acordo.

2.- APROBACIÓN DOS MODELOS DE DECLARACIÓN A PRESENTAR POLOS CONCELEIROS SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E SOBRE CALQUERA ACTIVIDADE QUE PROPORCIONE OU POIDA PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS, ASÍ COMO O MODELO DE DECLARACIÓN DE BENS PATRIMONIAIS..- Dáse conta da proposta da Alcaldía, do teor literal seguinte:

“O artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) establece que tódolos membros das Corporacións Locais formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou puidera proporcionar ingresos económicos, así mesmo formularán declaración dos seus bens patrimoniais.

Ambas declaracións, efectuadas nos modelos aprobados polo Pleno, levaranse a cabo antes da toma de posesión, con ocasión do cese e cando se modifiquen as circunstancias de feito.

Tendo en conta que o artigo 194 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime lectoral Xeral establece que o mandato dos membros do Concello é de catro anos, contados a partir da data da súa elección e terminan en todo caso o día anterior ao da celebración das seguintes eleccións, continuando nas súas funcións soamente para a administración ordinaria ata a toma de posesión dos seus sucesores, sen que, en ningún caso, poidan adoptar acordos para os que legalmente se requira unha maioría cualificada.

Con tal motivo propónse a aprobación dos modelos que se achegan, de declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos así como o modelo de declaración de bens patrimoniais.

Os citados modelos van a ser utilizados por tódolos membros actuais da Corporación con motivo do seu cese, que terá lugar o día 21 de maio de 2011, así como polos concelleiros que resulten electos nas eleccións locais que se van a celebrar o día 22 de maio de 2011.

Os actuais membros da Corporación deberán entregar as devanditas declaracións cubertas e asinadas antes do día 21 de maio de 2011.”

- Intervén a Sra. Rey Barreiro Meiro dicindo que se debe controlar antes da toma de posesión para que non volva a ocorrer o sucedido con D. Enrique León.

- Contesta o Sr. Castro Ratón dicindo que era unha cuestión de inelixibilidade e non de incompatibilidade.

Sometido a votación pola Sra. Alcaldesa da o seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos/as Sres/as. Concelleiros/as presentes (14 de 21 que conforman o pleno)

ACÓRDASE: Aprobar os modelos de declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos así como o modelo de declaración de bens patrimoniais que figuran unidos á Proposta da Alcaldía tal e como aparecen redactados.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa, levántase a sesión, sendo as nove horas e dez minutos, da que se estende a presente acta, e eu como Secretaria dou fe.